



RILO & PENADIQUE

ARRE RU

A COMPAÑÍA

Rilo & Penadique narran, cantan e musican historias, contos escoitados nalgún lugar ou escritos nalgún libro, nados dende algún lugar do ser. Fusionan o mundo da infancia coa palabra e a música dando lugar a espectáculos de narración oral para crianzas e familias.

Vero Rilo ten unha longa e consolidada traxectoria como contacontos. Educadora na Escola Semente, cursou estudos de iniciación ao teatro da man de Carlos Neira e outros específicos de contadora con Charo Pita e Tim Bowley.

Sonsoles Penadique é licenciada en Historia da Arte e diplomada en Educación Musical, realizou estudos de linguaxe musical, técnica vogal, coral e harmonía moderna e ten tamén o Posgrao de Música Tradicional Galega. Desde cativa estivo vencellada á música tradicional.

O ESPECTÁCULO

Arre ru é unha palabra que vive na boca. Non quere dicir nada, pero o *A* abre o asombro, o *RRE* a repetición, e o *RU* a delicadeza.

As palabras acompañanse da musicalidade da voz, dos ollos, dos xestos, do tacto... As crianzas tempéranse mellor con estes apoios, e nós ao pé da voz poñemos a voz dun acordeón diatónico, a voz multiplicada e asombrosa. Somos bebés, somos persoas adultas, somos xente da man doutra xente. A linguaxe en singular non existe aquí: primeiro apréndese en familia. A narración oral é a flor da vida en compañía para afrontar o que veña.

FICHA ARTÍSTICA

ELENCO: Vero Rilo e Sonsoles Penadique

DIRECCIÓN: Vero Rilo e Sonsoles Penadique

XÉNEROS: narración oral, música



30'



BEBÉS



INFO



VÍDEO

CULTURACTIVA